

O FESTIVAL INTERNACIONAL REBULIR ADICA A SÚA XIII EDICIÓN AO SOLIDARIO XESTO DA DOAZÓN E A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE”

- **O certame, que este ano desenvolverase baixo o lema “Latexando tradición”, quere sensibilizar a poboación da importancia de todos os xeitos de doazón**
- **ADOS instalará un stand informativo o sábado 22 co gallo da gala central do FIR 2018 que terá lugar no municipio ourensán de Ramirás**

Santiago, 20 de decembro de 2018.- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) e os distintos xestos de doazón altruístas do noso sistema público de saúde serán os protagonistas da XIII edición do Festival Internacional Rebulir (FIR), que foi presentado esta mañá nunha rolda de prensa que tivo lugar na Deputación Provincial de Ourense.

A directora de ADOS, Marisa López García, asistiu a acto de apertura e presentación dos premios Rebulir da Cultura Galega e da Gala do FIR 2018, nun acto que contou coa presenza do vicepresidente da Deputación Provincial de Ourense, Rosendo Fernández Fernández; da delegada provincial da Xunta de Galicia en Ourense, Marisol Díaz Mouteira; do alcalde do Concello de Ramirás, J. Carlos Rodríguez Matías; e do director artístico e académico do FIR 2018, Alexandre Solelino Losada.

Latexando tradición

A directora de ADOS agradeceu á organización do FIR, que este ano desenvolverase baixo o lema “Latexando tradición”, que este certame se adique ao distintos xeitos de doazón, un acto xeneroso que permite a moitos doentes recuperar un bo estado de saúde e, mesmo, salvar a súas vidas. Así mesmo, salientou a importancia de establecer lazos de colaboración con todo tipo de colectivos e iniciativas, máis ala do ámbito estritamente sanitario, dando a coñecer a importancia que teñen os doadores e doadoras no noso sistema público de saúde e incentivando a participación da cidadanía nos distintos programas de doazón (sangue, órganos, medula ósea,...).

Marisa López salientou o especial esforzo que desde ADOS estase a realizar para potenciar a doazón, con especial fincapé no ámbito educativo. Deste xeito, indicou que o venres 21, impartiranse charlas informativas aos alumnos e alumnas da Escola Infantil de O Picouto e do CEIP Rogelio García Yáñez. Así mesmo, todos os estudantes recibirán material informativo sobre a doazón de sangue adaptados as súas idades, como o caderno de actividades dos Bolechas e o conto “Papá Bolechas doa sangue”.

Incrementar a participación

A directora de ADOS quixo animar a todos os veciños e veciñas de Ourense a converterse en doadores e doadoras e, no eido da doazón de sangue, quixo lembrar que durante o pasado ano 2017, a cidade de Ourense acadou a taxa de doazón recomendada pola Organización Mundial da Saúde, 40 doazóns por cada 1.000 habitantes e ano, a pesares



XUNTA
DE GALICIA



galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

das dificultades sociodemográficas e o envellecemento poboacional que está experimentando esta provincia.

Desde ADOS, salientou Marisa López, continuarase a traballar arreo para informar, formar e promover tanto a doazón de sangue como a outros xeitos de doazón e, sempre que sexa posible, de man de colectivos e iniciativas como o FIR xa que, co seu apoio medra e asentase en Galicia unha cultura social favorable ao xeneroso xesto da doazón.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

